

Agef renova convenio con Abanca para impulsar o emprendemento



José Bernardo Silveira (Agef), Francisco Botas (Abanca) y M.Á. Escotet (Afundación) Foto Abanca

- **Abanca, principal patrocinadora das actividades de Agef**
- **´ Empresa Familiar nas aulas ´ inicia a cuarta edición**

2 outubro de 2023. ABANCA, Afundación e a Asociación Galega da Empresa Familiar (Agef) renovaron hoxe o acordo de colaboración que manteñen co obxectivo de impulsar actividades que contribúan a divulgar a importancia da empresa familiar, así como o papel clave que desempeñan estas organizacións no fortalecemento do noso tecido empresarial e no fomento do espírito emprendedor.

Os convenios foron asinados polo conselleiro delegado de ABANCA, Francisco Botas; o presidente de Afundación e reitor da UIE, Miguel Ángel Escotet; e mailo presidente de Agef, José Bernardo Silveira.

Por parte de ABANCA, o acordo ten como obxectivo materializar o apoio do banco a aquelas iniciativas que reforcen a continuidade das empresas familiares, a mellora do seu ámbito legal e fiscal e que permitan fomentar o espírito empresarial. Para iso, o banco será o patrocinador principal das actividades que realice Agef.

Francisco Botas afirmou no momento da sinatura que "coa renovación deste acordo queremos reforzar o apoio e o compromiso de ABANCA co tecido produtivo galego e as empresas de orixe familiar, pola importancia da súa contribución ao progreso económico e social da súa contorna".

"Quero agradecer a Abanca e Afundación o apoio á asociación e ás empresas familiares galegas que son, á fin e ao cabo, o tecido empresarial fundamental de Galicia", sinalou o presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar, José Bernardo Silveira.

O acordo asinado con Afundación garante a continuidade do programa educativo *Empresa familiar nas aulas*. Esta iniciativa, dirixida a estudantes e profesores galegos de 4º de ESO, Bacharelato e FP, contribúe a dar a coñecer entre este colectivo a relevancia da empresa familiar, os valores que caracterizan a estas organizacións, así como a promover vocacións emprendedoras e empresariais entre os estudantes.

O presidente de Afundación e reitor da UIE, Miguel Ángel Escotet, sinalou que "o apoio a este programa encádrase nas accións que desenvolven o banco e a súa Obra Social no ámbito da educación financeira co obxectivo de que a mocidade teña a oportunidade de achegarse ao ámbito empresarial, tomar contacto co seu futuro ámbito laboral e, á súa vez, mellorar as posibilidades de aprendizaxe sobre a realidade na que operan as empresas".

O programa *Empresa familiar nas aulas* reforza o compromiso da Asociación Galega da Empresa Familiar co impulso do emprendemento en Galicia. A través do coñecemento académico relacionado coa empresa, a iniciativa busca espertar a vocación profesional e abrir horizontes laborais. Desde a súa posta en marcha, participaron 1.863 alumnos de primaria, secundaria e FP de 23 centros educativos galegos.

A Asociación Galega da Empresa Familiar está integrada por 60 empresas familiares con sede en Galicia, que achegan 55.000 empregos e facturan conxuntamente máis de 15.000 millóns de euros. As empresas familiares

representan o 92,4% do tecido empresarial de Galicia e dan emprego directo a 371.000 persoas.

No marco desta colaboración, Agef e Afundación convocarán tamén o concurso *Imaxina a túa empresa*, no que equipos de estudantes elaborarán un proxecto de creación dunha empresa, seguindo as bases que se definan ao efecto.